

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

XEFATURA TERRITORIAL DA CORUÑA

Rúa Vicente Ferrer, 2

15008 A Coruña

Asunto: Alegacións complementarias ao ACORDO do 19 de agosto de 2020, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, a necesidade de urxente ocupación que iso implica, a autorización administrativa de construción, o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e o estudo de impacto ambiental do proxecto da LAT 220 kV Campelo-Mesón (segundo modificado), nos concellos de Carballo, Carral, Cerceda, Coristanco, Ordes e Tordoia (expediente IN408A 2018/14), DOG Núm. 173, de 27 de agosto de 2020 e ao ANUNCIO do 17 de xuño de 2022, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, polo que se fai pública a declaración de impacto ambiental do proxecto de liña de alta tensión a 220 kV desde o parque eólico Campelo ata a subestación Mesón, nos concellos de Carballo, Carral, Cerceda, Coristanco, Ordes e Tordoia (expediente 2018/0089), DOG Núm. 129, de 7 de xullo de 2022.

Don/Doña _____ con DNI. Número _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, municipio de _____, provincia _____, teléfono _____.

EXPÓN:

Á vista do Acordo do 19 de agosto de 2020, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, a necesidade de urxente ocupación que iso implica, a autorización administrativa de construción, o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e o estudo de impacto ambiental do proxecto da LAT 220 kV Campelo-Mesón (segundo modificado), nos concellos de Carballo, Carral, Cerceda, Coristanco, Ordes e Tordoia (expediente IN408A 2018/14), DOG Núm. 173, de 27 de agosto de 2020 e ao ANUNCIO do 17 de xuño de 2022, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, polo que se fai pública a declaración de impacto ambiental do proxecto de liña de alta tensión a 220 kV desde o parque eólico Campelo ata a subestación Mesón, nos concellos de Carballo, Carral, Cerceda, Coristanco, Ordes e Tordoia (expediente 2018/0089), DOG Núm. 129, de 7 de xullo de 2022, por medio do presente escrito realiza as seguintes **ALEGACIÓNS:**

PRIMEIRA.- ANTECEDENTES

Primeiro.- Parque eólico Bustelo.

1.- O DOG Núm. 122, de 27 de xuño de 2018 publicaba o Acordo do 5 de xuño de 2018, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se sometía a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, e a necesidade de urxente ocupación que iso implica, a autorización administrativa de construción, o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e o estudo de impacto ambiental do **proxecto do parque eólico Bustelo** nos concellos de Carballo e Coristanco (**expediente IN408A 2017/02**).

2.- O proxecto do parque eólico Bustelo foi declarado de interese especial polo Consello da Xunta o 26 de abril de 2018, para os efectos da disposición adicional primeira da Lei 8/2009, engadida pola Lei 5/2017, do 19 de outubro. *«Esta declaración terá como efectos a tramitación de forma prioritaria e co carácter de urxencia e a redución á metade dos prazos necesarios na instrución do procedemento da autorización administrativa previa e/ou de construción, así como dos prazos na instrución do procedemento de avaliación ambiental que sexa necesario. Así mesmo, reduciranse á metade os prazos necesarios na tramitación do proxecto sectorial»*. (Resolución do 27 de abril de 2018, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se fai público o Acordo do 26 de abril de 2018, do Consello da Xunta de Galicia, polo que se declaran de interese especial varios proxectos de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes renovables e as súas infraestruturas de evacuación asociadas, DOG Núm. 94, do 18 de maio de 2018).

3.- O DOG Núm. 238, do 25 de novembro de 2020 publicaba o Anuncio do 9 de novembro de 2020, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, polo que se facía pública a declaración de impacto ambiental do proxecto do parque eólico Bustelo, nos concellos de Carballo e Coristanco (A Coruña) (clave do expediente 2018/0024).

As características principais do proxecto son as seguintes:

- Número de aeroxeradores: 10
- Modelo previsto: Lagerwey LE 136 ou similar
- Potencia nominal unitaria: 4,5 MW
- Potencia total instalada: 45 MW
- Altura de buxa: 111 m
- Diámetro de rotor: 136 m

Inclúe ademais a construción dun centro colector en envolvente prefabricada de formigón, de estrutura monobloque, que albergará todos os compoñentes eléctricos, incluíndo os transformadores, dispositivos de control e interconexións entre os diversos elementos. Tamén está prevista a instalación dunha torre meteorolóxica autosoportada, de celosía galbanizada e 98 m de altura.

En canto á evacuación da enerxía producida no parque, efectuarase a través da subestación 30/220 kV do PE Campelo (SET Campelo, prevista no proxecto do dito parque promovido tamén polo grupo Greenalia) que ademais será o punto de conexión para a evacuación da enerxía xerada noutro parque eólico deste mesmo promotor (PE Monte Toural). A conexión entre o centro colector e a SET Campelo efectuarase mediante unha liña eléctrica soterrada, que compartirá parte das gabias do cableado co PE Campelo (incluídas no proxecto do referido parque).

Desde a dita SET a enerxía destes tres parques (Bustelo, Campelo e Monte Toural) será evacuada de maneira conxunta mediante unha liña de alta tensión (LAT) en 220 kV (obxecto doutro proxecto pertencente tamén a este grupo empresarial) ata a Subestación de Mesón do Vento, propiedade de Red Eléctrica de España.

Na configuración reflectida no EsIA, a obra civil inclúe a apertura duns 5.048 m de vieiros de acceso e servizo ás instalacións, así como o acondicionamento, para o mesmo fin, doutros 7.275 m de pistas ou camiños existentes (incluídos os 397 m de vieiros a acondicionar compartidos co PE Campelo e que son obxecto do proxecto do dito parque). A sección tipo mínima será duns 5 m de anchura de rodadura e contará ademais con cunetas e drenaxes transversais para a recollida e evacuación das augas pluviais. Así mesmo, escavaranse uns 13.956 m de gabias para soterrar o cableado de media tensión e de comunicacións. Neste cómputo intégranse 2.882 m de gabias que compartirá co PE Campelo (incluídas no proxecto do referido parque).

O prazo estimado de execución do proxecto é duns 11 meses.

4.- O DOG Núm. 141, do 26 de xullo de 2021 publicaba a Resolución do 28 de xuño de 2021, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, pola que se outorgan as autorizacións administrativas previa e de construción do parque eólico Bustelo, sito nos concellos de Coristanco e Carballo (A Coruña), promovido por Greenalia Wind Power Bustelo, S.L.U. (IN408A 2017/02).

Segundo.- Parque eólico Toural

1.- O DOG Núm. 138, de 19 de xullo de 2018 publicaba o Acordo do 26 de xuño de 2018, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se sometía a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, e a necesidade de urxente ocupación que iso implica, a autorización administrativa de construción, o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e o estudo de impacto ambiental do **proxecto do parque eólico Monte Toural**, nos concellos de Santa Comba e Coristanco (A Coruña) (**expediente IN408A 2017/17**).

2.- O proxecto do parque eólico Monte Toural foi declarado de interese especial polo Consello da Xunta o 26 de abril de 2018, para os efectos da disposición adicional primeira da Lei 8/2009, ampliada pola Lei 4

5/2017, do 19 de outubro. «*Esta declaración terá como efectos a tramitación de forma prioritaria e co carácter de urxencia e a redución á metade dos prazos necesarios na instrución do procedemento da autorización administrativa previa e/ou de construción, así como dos prazos na instrución do procedemento de avaliación ambiental que sexa necesario. Así mesmo, reduciranse á metade os prazos necesarios na tramitación do proxecto sectorial*». (Resolución do 27 de abril de 2018, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se fai público o Acordo do 26 de abril de 2018, do Consello da Xunta de Galicia, polo que se declaran de interese especial varios proxectos de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes renovables e as súas infraestruturas de evacuación asociadas, DOG Núm. 94, do 18 de maio de 2018).

3.- O DOG Núm. 250, de 14 de decembro de 2020 publicaba o Anuncio do 23 de novembro de 2020, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, **polo que se publicaba a declaración de impacto ambiental do proxecto do parque eólico Monte Toural**, nos concellos de Coristanco e Santa Comba (expediente 2018/0062).

As características principais do proxecto son as seguintes:

Número de aerogeradores: 4

- Modelo previsto: Lagerwey LE 136 ou similar
- Potencia nominal unitaria: 4,5 MW
- Potencia total instalada: 18 MW
- Altura de buxa: 111 m
- Diámetro de rotor: 136 m

Inclúe ademais a construción dun centro colector en envolvente prefabricada de formigón, de estrutura monobloque, que albergará todos os compoñentes eléctricos, incluíndo os transformadores, dispositivos de control e interconexións entre os diversos elementos.

En canto á evacuación da enerxía producida no parque, efectuarase a través da subestación 30/220 kV do PE Campelo (SET Campelo, prevista no proxecto do dito parque promovido tamén polo grupo Greenalia) que ademais será o punto de conexión para a evacuación da enerxía xerada noutro parque eólico deste mesmo promotor (PE Bustelo). A conexión entre o centro colector e a SET Campelo efectuarase mediante unha liña eléctrica soterrada, que compartirá gran parte das gabias do cableado co PE Campelo (incluídas no proxecto do referido parque).

Desde a dita SET a enerxía destes tres parques (Monte Toural, Bustelo e Campelo) será evacuada de maneira conxunta mediante unha liña de alta tensión (LAT) en 220 kV (obxecto doutro proxecto pertencente tamén a este grupo empresarial) ata a Subestación de Mesón do Vento, propiedade de Red Eléctrica de España. 5

Na configuración reflectida no EsIA, a obra civil inclúe a apertura duns 3.053 m de vieiros de acceso e servizo ás instalacións, así como o acondicionamento, para o mesmo fin, doutros 2.861 m de pistas ou camiños existentes. A sección tipo mínima será duns 5 m de anchura de rodadura e contará ademais con cunetas e drenaxes transversais para a recollida e evacuación das augas pluviais. Así mesmo, escavaranse uns 6.676 m de gabias para soterrar o cableado de media tensión e de comunicacións.

O prazo estimado de execución do proxecto é duns 8 meses

Terceiro.- Parque eólico Campelo.

1.- O DOG Núm. 181, do 21 de setembro de 2018 publicaba o Acordo do 13 de setembro de 2018, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se sometía a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a modificación da declaración de utilidade pública, en concreto, e a necesidade de urxente ocupación que iso implica, a autorización administrativa de construción, o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e o estudo de impacto ambiental do proxecto do parque eólico Campelo (modificado), nos concellos de Coristanco e Santa Comba (A Coruña) (expediente IN661A 16/2011).

2.- O proxecto do parque eólico Campelo foi declarado de interese especial polo Consello da Xunta o 26 de abril de 2018, para os efectos da disposición adicional primeira da Lei 8/2009, engadida pola Lei 5/2017, do 19 de outubro. *«Esta declaración terá como efectos a tramitación de forma prioritaria e co carácter de urxencia e a redución á metade dos prazos necesarios na instrución do procedemento da autorización administrativa previa e/ou de construción, así como dos prazos na instrución do procedemento de avaliación ambiental que sexa necesario. Así mesmo, reduciranse á metade os prazos necesarios na tramitación do proxecto sectorial»* (Resolución do 27 de abril de 2018, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se fai público o Acordo do 26 de abril de 2018, do Consello da Xunta de Galicia, polo que se declaran de interese especial varios proxectos de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes renovables e as súas infraestruturas de evacuación asociadas, DOG Núm. 94, do 18 de maio de 2018).

3.- O DOG Núm. 12, do 20 de xaneiro de 2021 publicaba o Anuncio do 30 de decembro de 2020, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, polo que se facía pública a declaración de impacto ambiental do proxecto do parque eólico Campelo, nos concellos de Coristanco e Santa Comba (expediente 2011/0134).

As características do parque serán as seguintes.

- Número de aerogeradores: 9
- Modelo previsto: Lagerwey L-136 ou similar
- Potencia nominal unitaria: 4,5 MW

- Potencia total instalada: 40,5 MW
- Altura de buxa: 111 m
- Diámetro de rotor: 136 m

Inclúe ademais a construción dunha subestación transformadora (SET), na que se localizará o edificio de control, así como os servizos auxiliares do dito edificio (abastecemento de auga e saneamento).

O centro de control do parque e a parte cuberta da SET localizaranse nun mesmo edificio, convenientemente separados e con accesos independentes. O dito edificio será de estrutura de formigón, disporá dun único nivel e albergará as salas de control, a sala de cabinas, o vestiario, os aseos e o almacén. O conxunto está dotado dun equipo de detección e extinción de incendios, dun sistema de subministro de auga (alimentado por un depósito) e dunha fosa séptica. Tamén está prevista a instalación dunha torre meteorolóxica autosoportada, de celosía galvanizada e 98 m de altura.

En canto á evacuación da enerxía producida no parque, efectuarase a través da súa SET 30/220 kV, que ademais será o punto de conexión para a evacuación da enerxía xerada noutros parques eólicos deste mesmo promotor (Bustelo e Monte Toural). Desde a dita SET a enerxía destes tres parques (Campelo, Bustelo e Monte Toural) será evacuada de maneira conxunta mediante unha liña de alta tensión (LAT) en 220 kV (obxecto doutro proxecto pertencente tamén ao grupo Greenalia) ata a Subestación de Mesón do Vento, propiedade de Red Eléctrica de España.

Na configuración reflectida no Modificado do EsIA, a obra civil inclúe a apertura duns 3.077 m de vieiros de acceso e servizo ás instalacións, así como o acondicionamento, para o mesmo fin, doutros 6.602 m de pistas ou camiños existentes. A sección tipo mínima será duns 5 m de anchura de rodadura e contará ademais con cunetas e drenaxes transversais para a recollida e evacuación das augas pluviais. Así mesmo, escavaranse uns 12.333 m de gabias para soterrar o cableado de media tensión e de comunicacións.

O prazo estimado de execución do proxecto é duns 11 meses.

Cuarto.- LAT 220 kV Campelo-Mesón

1.- O DOG Núm. 173, de 27 de agosto de 2020 publicaba o Acordo do 19 de agosto de 2020, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, a necesidade de urxente ocupación que iso implica, a autorización administrativa de construción, o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e o estudo de impacto ambiental do proxecto da LAT 220 kV Campelo-Mesón (segundo modificado), nos concellos de Carballo, Carral, Cerceda, Coristanco, Ordes e Tordoia (expediente IN408A 2018/14).

2.- A LAT 220 kV Campelo-Mesón foi declarada de interese especial polo Consello da Xunta o 26 de abril de 2018, para os efectos da disposición adicional primeira da Lei 8/2009, engadida pola Lei 5/2017, do 19 de outubro. «Esta declaración terá como efectos a tramitación de forma prioritaria e co carácter de urxencia e a redución á metade dos prazos necesarios na instrución do procedemento da autorización administrativa previa e/ou de construción, así como dos prazos na instrución do procedemento de avaliación ambiental que sexa necesario. Así mesmo, reduciranse á metade os prazos necesarios na tramitación do proxecto sectorial» (Resolución do 27 de abril de 2018, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se fai público o Acordo do 26 de abril de 2018, do Consello da Xunta de Galicia, polo que se declaran de interese especial varios proxectos de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes renovables e as súas infraestruturas de evacuación asociadas, DOG Núm. 94, do 18 de maio de 2018).

Non foi obxecto de declaración de interese especial polo Consello da Xunta o proxecto da LAT 220 kV Campelo-Mesón (segundo modificado).

Solicitante/promotor: Greenalia Wind Power, S.L.U.-NIF B70501473 (antes coa denominación social de Greenalia Power, S.L.U.).

Características técnicas das instalacións:

- LAT a 220 kV simple circuíto de 38.574 m, coa seguinte configuración técnica:
- LATA a 220 kV simple circuíto dúplex, de 35.334 m, condutor tipo LA-455 Al, con orixe no pórtico da SET do parque eólico de Campelo proxectada (IN661A 2011/16), e remate no paso A/S do apoio nº 103 proxectado. Os apoios proxectados son do tipo celosía de aceiro.
- LATS a 220 kV, de 1.186 m, condutor tipo RHZ1-RA+2OL (AS) 127/220 2×(1×630) Al, con orixe no PA/S do apoio nº 103 proxectado e final no paso A/S do apoio nº 104 proxectado. Conexión equipotencial das terras en ambos os dous extremos en condutor tipo RV 0,6/1 kV 1×Cu185 mm².
- LATA a 220 kV simple circuíto dúplex, de 809 m, condutor tipo LA-455 Al, con orixe no paso A/S do apoio nº 104 proxectada, e final no paso A/S do apoio nº 107 proxectado. Os apoios proxectados son do tipo celosía de aceiro.
- LATS a 220 kV, de 1.244 m, condutor tipo RHZ1-RA+2OL (AS) 127/220 2×(1×630) Al, con orixe no PA/S do apoio nº 107 proxectado e final na posición prevista na SET Mesón do Vento de transporte. Conexión equipotencial das terras en ambos os dous extremos en condutor tipo RV 0,6/1 kV 1×Cu185 mm².

Obxecto da información pública:

- A autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, a necesidade de urxente ocupación que iso implica, a autorización administrativa de construción, o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e o estudo de impacto ambiental das instalacións. A declaración de utilidade pública levará implícita, de acordo co artigo 56 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, a necesidade da urxente ocupación para os efectos da expropiación forzosa, dos bens e dereitos afectados necesarios para o establecemento destas instalacións.

– Documentación que se expón:

1. O proxecto de execución (febreiro 2020-visado o 27.2.2020).

1.1. A relación concreta e individualizada dos propietarios de bens e dereitos afectados pola modificación do proxecto (RBDA-xullo 2020), que figura nos anexos que se insire neste acordo.

1.2. Plano xeral do proxecto da LAT Campelo-Mesón (modificado).

1.3. Planos individuais dos predios afectados pola 2ª modificación do proxecto (RBDA-xullo 2020).

2. O estudo de impacto ambiental (EIA) (abril 2018).

2.1. A addenda ao estudo de impacto ambiental (marzo 2019).

2.2. A 2ª addenda ao estudo de impacto ambiental (febreiro 2020).

3. O proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (febreiro 2020-visado o 27.2.2020).

O proxecto consiste na infraestrutura de evacuación dos futuros parques eólicos Campelo (promovido por Greenalia Wind Power Campelo, SLU), Bustelo (promovido por Greenalia Wind Power Bustelo, SLU) e Monte Toural (promovido por Greenalia Wind Power, SLU), obxecto dos seus respectivos proxectos que contan con declaración de impacto ambiental (DIA) de datas 29.12.2020, 06.11.2020 e 20.11.2020, respectivamente, e autorización administrativa previa e de construción da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais de datas 22.11.2021, 28.06.2021 e 30.07.2021, respectivamente.

SEGUNDA.- FRAGMENTACIÓN OU DIVISIÓN ARTIFICIOSA DE PROXECTOS AOS EFECTOS DE AVALIAR OS IMPACTOS AMBIENTAIS DAS INFRAESTRUTURAS EÓLICAS

Por ANUNCIO do 17 de xuño de 2022, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, publicábase a declaración de impacto ambiental do proxecto de liña de alta tensión a 220 kV desde o parque eólico Campelo ata a subestación Mesón, nos concellos de Carballo, Carral, Cerceda, Coristanco, Ordes e Tordoia (expediente 2018/0089), DOG Núm. 129, de 7 de xullo de 2022.

O proxecto consiste na infraestrutura de evacuación dos futuros parques eólicos Campelo (promovido por Greenalia Wind Power Campelo, SLU), Bustelo (promovido por Greenalia Wind Power Bustelo, SLU) e Monte Toural (promovido por Greenalia Wind Power, SLU), obxecto dos seus respectivos proxectos que contan con declaración de impacto ambiental (DIA) de datas 29.12.2020, 06.11.2020 e 20.11.2020, respectivamente, e autorización administrativa previa e de construción da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais de datas 22.11.2021, 28.06.2021 e 30.07.2021, respectivamente.

Para o cal, proxéctase unha liña de alta tensión (LAT) a 220 kV duns 38.573 m de lonxitude total que terá orixe na futura subestación do antedito PE Campelo e finalizará na SET Mesón do Vento, existente, propiedade de Red Eléctrica de España (REE).

Todas estas instalacións serían obxecto de tramitación ambiental separada, fragmentada e dividida artificialmente co fin de diluir os impactos ambientais do conxunto, facilitar e axilizar a tramitación do plan industrial eólico. A cidadanía afectada e o público en xeral nunca tería acceso ao conxunto da documentación ambiental dos catro proxectos de maneira simultánea.

O proxecto da liña de evacuación foi obxecto de estudo ambiental separado do resto das infraestruturas dos parques eólicos. A inclusión dos efectos e impactos das instalacións de evacuación de enerxía e de conexión incrementarían considerablemente a magnitude dos impactos detectados no EIA, facendo necesario valorar outras alternativas ou implementar novas medidas correctoras.

Cómpre resaltar o carácter unitario dos parques eólicos previstos, no sentido de que todos os seus elementos e instalacións deben contemplarse desde unha perspectiva unitaria, desde os accesos e os propios aeroxeradores ata a liña de conexión dos parques no seu conxunto coa rede de distribución ou transporte de electricidade. Iso conleva, efectivamente, que non pode darse un tratamento separado a grupos de aeroxeradores de forma artificial e tratalos como parques autónomos, ou duplicar instalacións co mesmo fin, pois iso comportaría efectivamente unha fraude de lei que, á marxe do seu maior impacto ambiental, podería supoñer unha alteración da competencia ou unha evitación de maiores esixencias ambientais.

A Lei 21/2013, de 9 de decembro de avaliación ambiental e o artigo 21 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do Sector Eléctrico, que indica:

Artigo 21. Actividades de produción de enerxía eléctrica.

“5. Formarán parte da instalación de produción as súas infraestruturas de evacuación, que inclúen a conexión coa rede de transporte ou de distribución, e no seu caso, a transformación de enerxía eléctrica”.

Non se valora a localización dos parques previstos e a súa continuidade física e tampouco se pondera que todos os parques compartan elementos comúns relevantes, como é a liña de evacuación de electricidade e as infraestruturas de conexión asociadas. Ao anterior hai que engadir outro dato adicional, que é que a consideración separada dos parques impide ter en conta os efectos sinérxicos dos mesmos desde a perspectiva ambiental.

A unidade do proxecto resulta así dos datos fácticos xa acreditados arestora en base aos proxectos presentados polas promotoras e arestora en tramitación, como son a localización lindeira dos parques, dos elementos comúns como a liña de evacuación de electricidade etc... Por outra banda, a consideración separada dos parques impide ter en conta os efectos desde o punto de vista do impacto ambiental, obviando unha análise do conxunto dos

elementos implicados, sen que poida paliarse o defecto de concepción inicial cos estudos de sinerxias, limitado a determinados aspectos. Todos os parques proxectados teñen efectos acumulados sobre os mesmos elementos da paisaxe e a biodiversidade da contorna, polo que o seu impacto sinérxico debe ser avaliado de forma conxunta para non incorrer nuns procedementos viciados desde o principio e nulos de pleno dereito, tal e como apuntan diversas resolucións xudiciais respecto diso. Ademais a cidadanía ten dereito ao acceso á información do conxunto e a recibir información relativa ao conxunto global e acumulado de todas as infraestruturas do proxecto industrial.

A Avaliación de Impacto Ambiental de Proxectos é unha técnica que non admite sucedáneos ou substitutos e que, por tanto, debe esixirse de forma íntegra, a fin de non frustrar a súa funcionalidade.

Que a fragmentación artificial ou de conveniencia deste tipo de proxectos non se axusta a Dereito é unha realidade que veñen corroborando os tribunáis de xustiza en España dende hai anos. Así, por exemplo, A Sentenza do TSXG, Sala Terceira, nº 254/2020, de 9 de novembro, que apreciou a fragmentación artificial do parque eólico Sasdónigas, en Mondoñedo, a Sentenza do Tribunal Supremo, Sala Terceira, de 30 de marzo de 2017, nº 556/2017, ou a pioneira Sentenza do Tribunal Supremo de 20 de abril de 2006, na que se pode ler o que segue:

"Se algún sentido ten dita figura (os parques eólicos), coa significación xurídica que diversas normas lle recoñeceron, é precisamente a de integrar en si varios aeroxeradores interconectados e dispoñelos de modo que non atenuen uns o rendemento eólico doutros, en zonas con determinados requisitos mínimos (velocidade e constancia do vento) co fin de optimizar o aproveitamento enerxético e diminuír os custos da súa conexión ás redes de distribución ou transporte de enerxía eléctrica. É consustancial, pois, aos parques eólicos o seu carácter unitario de modo que os aeroxeradores neles agrupados necesariamente han de compartir, ademais das liñas propias de unión entre si, uns mesmos accesos, un mesmo sistema de control e unhas infraestruturas comúns (normalmente, o edificio necesario para a súa xestión e a subestación transformadora). E, sobre todo, dado que a enerxía resultante ha de inxectarse mediante unha soa liña de conexión do parque eólico no seu conxunto á rede de distribución ou transporte de electricidade -pois non se cumprirían os criterios de rendemento enerxético e dun mínimo impacto ambiental se cada aeroxerador puidese conectarse independentemente, coa súa propia liña de evacuación da enerxía eléctrica producida, ata o punto de conexión coa rede eléctrica-, non é posible descompoñer, a efectos xurídicos, un parque eólico proxectado con estas características para diseccionar del varios dos seus aeroxeradores aos que se daría un tratamento autónomo".

En canto ao impacto negativo das operacións de fragmentación artificial de parques nas avaliacións ambientáis, a Sentenza do Tribunal Supremo, Sala Terceira, de 21 de febreiro de 2014, recaída no recurso 673/2009, contemplou no seu Fundamento de

Dereito sexto o que segue:

"3º. Diso despréndese que, prescindindo, dunha consideración de conxunto dos demais parques, a declaración de impacto ambiental realizada, efectuouse de forma fraccionada, iso é totalmente claro despois de que na mesma se prescindiu, como se desprende do informe precedentemente citado, da liña de evacuación eléctrica que conecta co

sistema de distribución xeral, liña esta que ha de formar parte do parque ou parques analizados, e que sendo común aos dous, serve precisamente, entre outros elementos para considerar, para dar unidade a ambos. A non integración da devandita liña devaluou a declaración de impacto realizada, o que non pode paliarse cun estudo de sinerxias, que só considera determinados aspectos, como o de ruído e ambiental, que puiden constituír, si, un plus respecto a os proxectos analizados en conexión con outros, pero que non pode servir para paliar un defecto de concepción inicial, cal debeu ser unha análise conxunta de todos os elementos que han de integrar o único proxecto. Noutro caso, sempre quedaría ao criterio da Administración a escisión dos proxectos para avaliar completando posteriormente un estudo conxunto de ambos os a través de devandito estudo de sinerxias, que sempre deberá efectuarse nun proxecto unitario determinado polos elementos inescindibles que o compoñen.

4º. As mesmas consideracións deben efectuarse respecto á duplicación en dúas dos procedementos de autorización, sendo copia mimética o un do outro, o que é expresivo de que nos atopamos, non ante dous proxectos, senón ante un só, xa que a admisión deste criterio permitiría, non duplicar senón triplicar, cuaduplicar... etc. o proxecto inicialmente concibido, fraccionando as avaliacións de impacto ambiental, que non pode ser duplicada, para cada un dos proxectos, senón que, por contra, a única garantía de analizar todas os aspectos que se han de incluír no mesmo, é desde unha visión conxunta, non fraccionada, sen que poida suplir esta carencia de orixe, recorrendo a unha análise posterior das sinerxias que se producen entre os elementos illadamente analizados”.

Unha cousa é que se pretenda facer valer que nos atopamos ante proxectos de implantación de parques independentes e plenamente funcionáis de xeito aislado, e outra é que as vinculacións operativas entre eses parques proxectados sexan, de facto, intensas. Poderase alegar que se procura o menor impacto nas infraestruturas de evacuación, poderase referir tamén a súa modularidade ou adaptabilidade, mais certamente, no sentido apuntado por unha xurisprudencia cada vez máis consolidada, **a fragmentación artificial tén por finalidade menoscabar as garantías inherentes aos procedementos de avaliación, pola vía de imposibilitar a avaliación ambiental de conxunto dos proxectos. E para superar esa merma de garantías, dende logo, non resulta suficiente que nas avaliacións ambientais fragmentadas se acometan estudos de sinerxias, sobre os cales a xurisprudencia tén declarado o seu carácter incompleto e fragmentario. Así, a Sentenza do TSX de Castela-León, Sala de Valladolid, nº 1361/2014, de data 26/06/2014, Fundamento de Dereito sexto, resolución que declarou a existencia de fragmentación artificial:**

“Prescindindo, de una consideración de conjunto de los demás parques, la declaración de impacto ambiental realizada, se ha efectuado de forma fraccionada, ello es totalmente claro en cuanto que en la misma se ha prescindido, como se desprende del informe precedentemente citado, de la línea de evacuación eléctrica que conecta con el sistema de distribución general, línea esta que ha de formar parte del parque o parques analizados, y que siendo común a los dos, sirve precisamente, entre otros elementos a considerar, para dar unidad a ambos. La no integración de dicha línea ha devaluado la declaración de impacto realizada, lo que no puede paliarse con un estudio de sinergias, que solo considera determinados aspectos, como el de ruido y ambiental, que puede constituir,

sí, un plus respecto a los proyectos analizados en conexión con otros, pero que no puede servir para paliar un defecto de concepción inicial, cual debió ser un análisis conjunto de todos los elementos que han de integrar el único proyecto. En otro caso, siempre quedaría al criterio de la Administración la escisión de los proyectos a evaluar completando posteriormente un estudio conjunto de ambos a través de dicho estudio de sinergias, que siempre deberá efectuarse en un proyecto unitario determinado por los elementos inescindibles que lo componen. (...) Las mismas consideraciones han de efectuarse respecto a la duplicación en dos de los procedimientos de autorización, siendo copia mimética el uno del otro, lo que es expresivo de que nos encontramos, no ante dos proyectos, sino ante uno solo, ya que la admisión de este criterio permitiría, no duplicar sino triplicar, cuadruplicar... etc. el proyecto inicialmente concebido, fraccionando las evaluaciones de impacto ambiental, que no puede ser duplicada, para cada uno de los proyectos, sino que, por contra, la única garantía de analizar todos los aspectos que se han de incluir en el mismo, es desde una visión conjunta, no fraccionada, sin que pueda suplir esta carencia de origen, recurriendo a un análisis posterior de las sinergias que se producen entre los elementos aisladamente analizados”.

Cómpre salientar que esta Sentenza foi ratificada en casación polo Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, en data 30/03/2017, por medio de Sentenza nº 1390/2017.

En calquera caso, o proxecto verbaldo que alegamos e, en particular, o estudo de impacto ambiental, non acomete tampouco unha avaliación acada de impactos acumulativos e sinérxicos. Aínda partindo da realidade de que se está a tramitar a implantación do conxunto de parques antes referidos na zona xeográfica de referencia, o estudo dos impactos acumulativos e sinérxicos incorporado como Anexo VI ao EIA non se pode considerar que xustifique ou motive adecuadamente as conclusións ás que chega, nin que -na liña da xurisprudencia citada anteriormente- considere a totalidade dos aspectos que deben ser considerados.

Dada a proximidade física entre os diferentes proxectos de parques, e por conseguinte a súa afección aos mesmos espazos naturais, especies, patrimonio ou poboación, é precisa unha análise exhaustiva, ecosistémica e participada que garanta un modelo de desenvolvemento rural equilibrado da zona afectada, no sentido do disposto no artigo 46 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, que establece que calquera plan, programa ou proxecto que poida afectar de forma apreciable ás especies ou hábitats dos espazos da Rede Natura 2000, xa sexa individualmente ou en combinación con outros plans, programas ou proxectos, someterase a unha adecuada avaliación das súas repercusións no espazo, tendo en cuenta os obxectivos de conservación.

Pola súa banda, a Rede de Autoridades Ambientais (Subgrupo de coordinación de órganos ambientais na avaliación de impacto ambiental de proxectos de enerxías renovables), en documento de Alcance de estudo de impacto ambiental de Proxecto de Parque Eólico Terrestre, recomenda que se a solicitude administrativa está en tramitación, “no caso de que o mesmo ou diferentes promotores soliciten autorización administrativa de varios parques cuxas evacuacións conflúan a unha mesma nova subestación ou requiran una mesma nova liña de conexión coa rede de transporte de REE preexistente, sempre que o órgano substantivo que deba tramitar e outorgar as respectivas autorizacións sexa o mesmo, para facilitar a avaliación dos efectos acumulados e sinérxicos

recoméndase a súa tramitación simultánea, a elaboración dun estudo de impacto ambiental único para todos eles e solicitar a acumulación das correspondentes avaliacións de impacto ambiental nun único procedemento (artigo 57 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).

☞ **FRAGMENTACIÓN DO PROXECTO INDUSTRIAL EÓLICO EN VARIOS PROXECTOS INDEPENDENTES.**

DIVISIÓN ARTIFICIOSA

En relación ás conclusións do Consello da Cultura galega sobre a instalación de parques eólicos en Galicia, indica o citado informe que:

“5.1. Conclusións finais

A fin de concretar as conclusións que acabamos de expoñer, recollemos aquí en puntos os aspectos que ter en conta e que consideramos máis relevantes segundo os obxectivos do presente informe:

1. É prioritaria a revisión do Plan sectorial eólico de Galicia e o seu sometemento a avaliación ambiental estratéxica, no marco que as Directrices de ordenación do territorio establecen cando regulan o Plan sectorial de produción e distribución de enerxía, para:

- atender aos obxectivos sinalados nas Directrices da Paisaxe respecto dos obxectivos de calidade paisaxística;*
- atender á protección dos valores culturais do territorio a través dos que a LEI 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia recoñece o valor patrimonial do territorio; e*
- atender á protección dos valores naturais dos espazos que aínda non foron incorporados á Rede Natura.*

2. É necesario ampliar a Rede Natura e caracterizar as paisaxes cunha definición a maior escala e detalle. A salvagarda dos valores do territorio ante o desenvolvemento eólico actual require unha actuación proactiva da Administración na identificación, inventario e protección deses valores.

3. Respecto ao medio, cómpre salvagardar lugares que teñen valor pola súa riqueza natural, cultural, paisaxística, etnográfica ou histórica, xa que coa implantación masiva dos parques eólicos se está a superar a capacidade de carga do sistema natural.

4. Verbo da cidadanía, hai que ter en conta que a construción de parques eólicos cubrindo a totalidade do territorio galego racha coa conectividade entre lugares, coa imaxe da paisaxe tradicional e coa memoria colectiva dos seus habitantes.

5. É necesaria unha estratexia dotada de instrumentos, medios e recursos que redefina a escala de xestión na que o territorio se considera marco e escenario de xestión transversal do patrimonio cultural. Isto supón desenvolver unha nova cultura sobre o territorio como elemento aglutinador e portador de valores culturais, e garante da permanencia do patrimonio, así como mudar a visión del cun novo enfoque que permita xestionalo dunha forma integral.

6. É necesario un compromiso político coa integración ambiental do desenvolvemento eólico impedindo tácticas como a individualización de parques eólicos contiguos que comparten infraestruturas comúns, evitando analizar os seus efectos acumulativos ao avalialas por separado ou o fraccionamento dos proxectos, que se analizan como elementos illados cando deberían ser un todo único que se examinase de forma conxunta.

Esa avaliación, así como as súas propias insuficiencias, provocan un alto potencial de danos ambientais e patrimoniais non diagnosticados que poden ser irreversibles pola ausencia de avaliación dos ecosistemas afectados.

7. Non se pode equiparar a participación pública coa información pública, xa que a segunda non pode substituír á primeira. A planificación dos territorios susceptibles de acoller parques eólicos debe contar coas comunidades locais polo seu coñecemento do territorio, sen furtarlles o dereito a ser parte das decisións que afectan a súa relación co territorio que habitan, segundo ampara o Convenio europeo da paisaxe.

8. Porque é incuestionable que este despregamento eólico modificaría negativamente o territorio e as súas dinámicas e xeraría unha nova paisaxe, é necesario tomar conciencia dos procesos sociais e económicos que xeran estas novas formas da paisaxe, anticipar os efectos que produciría a implantación dos parques e consideralos dentro do proceso de toma de decisións sobre un territorio pensado globalmente.

9. A curto prazo, débense mellorar moitos dos instrumentos dos que xa se dispón: a ordenación do territorio e a avaliación ambiental pódense re-deseñar e mellorar a súa función, considerando de xeito integral as múltiples afeccións que as instalacións eólicas xeran á sociedade, ao contorno ambiental, perceptivo e material, e á propia vida das comunidades.

10. A longo prazo, debe re-planificarse o modelo de desenvolvemento económico cara a unha sociedade sustentable, o que inclúe unha reflexión sobre as condicións reais de sustentabilidade das chamadas "enerxías renovables".

11. Urxe solicitar unha moratoria na autorización de parques, para que as administracións competentes corrixan as eivas descritas no presente informe, antes de continuar coa forte expansión desta tecnoloxía enerxética. Esta proposta xustifícase xuridicamente por dous principios ambientais: o principio de precaución e o de non regresión ambiental".

Por outra banda, estase a obviar a importante función de descarbonización da economía que realiza o monte galego, tal e como recoñece expresamente a propia Lei 7/2012, de 28 de xuño de Montes de Galicia na súa Exposición de Motivos.

TERCEIRA.- A FRAGMENTACIÓN DE HÁBITATS DERIVADA DAS INFRAESTRUTURAS DOS PARQUES EÓLICOS MONTE TOURAL, CAMPELO E BUSTELO E A SÚA LIÑA DE EVACUACIÓN

O **parque eólico Monte Toural** prevé a instalación de 4 aerogeradores e unha potencia total instalada de 18 MW.

En canto á evacuación da enerxía producida no parque, efectuarase a través da subestación 30/220 kV do PE Campelo (SET Campelo, prevista no proxecto do dito parque promovido tamén polo grupo Greenalia) que ademais será o punto de conexión para a evacuación da enerxía xerada noutro parque eólico deste mesmo promotor (PE Bustelo). A conexión entre o centro colector e a SET Campelo efectuarase mediante unha liña eléctrica soterrada, que compartirá gran parte das gabias do cableado co PE Campelo (incluídas no proxecto do referido parque). Desde a dita SET a enerxía destes tres parques (Monte Toural, Bustelo e Campelo) será evacuada de maneira conxunta mediante unha liña de alta tensión (LAT) en 220 kV (obxecto doutro proxecto pertencente tamén a este grupo empresarial) ata a Subestación de Mesón do Vento, propiedade de Red Eléctrica de España. A obra civil inclúe a apertura duns 3.053 m de vieiros de acceso e servizo ás instalacións, así como o acondicionamento, para o mesmo

fin, doutros 2.861 m de pistas ou camiños existentes. Así mesmo, escavaranse uns 6.676 m de gabias para soterrar o cableado de media tensión e de comunicacións.

A nivel hidrolóxico, a área de actuación pertence ao ámbito competencial de Augas de Galicia e enmárcase no sistema de explotación nº 07 Río Xallas, Costa da Coruña e Ría de Corcubión. Discorren, próximos ás instalacións, o rego Montemaior, o río Mira e, máis afastado, o río Xallas. Augas de Galicia cita varios puntos de afección á rede fluvial producíndose dous cruzamentos sobre dous afluentes do rego Montemaior: un pola gabia do cableado e tramo do vieiro de acceso da máquina AE05 que discorrerá por unha pista existente a acondicionar, e outro pola gabia do cableado da máquina AE01.

A área de especial interese paisaxístico (AEIP) máis próxima é a Lagoa de Alcaían, que engloba os citados humidais catalogados Lagoa de Alcaían e O Pozo da Braña.

Ademais da presenza da *Centaurea ulreiae*, tamén se detectaron outras especies de flora ameazada como a *Lycopodiella inundata*, *Woodwardia radicans*, *Spiranthes aestivalis* e *Euphorbia uliginosa*. A zona de actuación estaría dentro do ámbito da proposta técnica denominada Plan integral de recuperación e conservación das especies vexetais en perigo de extinción da zona de Bergantiños (*Centaurea ulreiae* Silva Pando e *Euphorbia polygalifolia* Welw. ExBoiss) elaborada en 2010; proposta que non chegou a ser obxecto de publicidade por parte da Consellería de Medio Ambiente, pero á que a empresa tería acceso para a elaboración dos tres proxectos eólicos Campelo, Bustelo e Toural.

Compartindo espazo xeográfico están os parques eólicos Bustelo e Campelo.

O **parque eólico Bustelo** prevé a instalación de 10 aeroxeradores de 45 MW de potencia total instalada. A obra civil comprende a apertura duns 6.495 m de vieiros de acceso e servizo ás instalacións e o acondicionamento, para o mesmo fin, doutros 4.222 m de pistas e camiños existentes. En canto ás gabias, escavaranse 10.730 m para o cableado de media tensión e de comunicacións.

Doutra banda, ademais da fragmentación artificial, as tres instalacións sitúanse sobre unha área que en 2008 e 2011 foi proposta para incorporarse á Rede Natura 2000 e que inclúe endemismos botánicos únicos, concretamente a *Centaurea ulreiae* Silva Pando, planta catalogada “en perigo crítico de extinción” e cuxa única poboación mundial componse de tan só 6.821 individuos, todos nun 10 Km cadrados sobre os que a Xunta autorizou os tres parques eólicos.

A Consellería de Medio Ambiente coñecía a presenza destas especies a través do “Plan integral de recuperación e conservación das especies vexetais en perigo de extinción da zona de Bergantiños”, documento elaborado en 2010 para a protección destas especies, e que doce anos despois a Xunta aínda non aprobou, pero aos que a mercantil promotora puido acceder aos documentos técnicos, non así o público e as persoas interesadas.

En relación ao parque eólico Bustelo, a nivel hidrolóxico, a área de actuación pertence ao ámbito competencial de Augas de Galicia e se enmarca nos sistemas de explotación nº 10 “Río Anllóns, Costa da Coruña ata límite de Arteixo” e o 07 “Río Xallas, Costa da Coruña e Ría de Corcubión” (a maior parte das instalacións proxéctanse na bacía do Anllóns e un tramo de vieiro a acondicionar antes de chegar ao centro colector se localiza na bacía do Xallas). Discorren próximos ás actuacións proxectadas, o rego de Rodeiro de Seavia, río Porto da Presa ou rego de Amboade, rego das Dornas Pedroco, rego do Porto, rego da Braña Rubia, río de Mira e río Sol ou rego de Berbia, afectados por dous tramos de viario coa súa correspondente gabia do cableado: o vieiro de acceso aos aeroxeradores 07-09 que cruza o río Sol e o vieiro de acceso común ás máquinas 03-11 desde o centro colector que discorre pola zona de policía do rego do Porto. O elemento hidrolóxico máis relevante é a Lagoa de Alcaíán, a unha distancia de 500 metros. Na entorna tamen atópanse os humidais Marco do Couto (localizado a a 750 m do aeroxerador 06) e O Pozo. Dentro dos límites destes humidais, as actuacións serán o acondicionamento duns tramos da pista que delimitan polo norte a Lagoa de Alcaíán e o Marco do Couto, e o enterramento da gabia do cableado pola cuneta da estrada que cruza o humidal Marco do Couto pola súa estremeira oriental.

O **parque eólico Campelo** prevé a instalación de 9 aeroxeradores de 40,5 MW de potencia instalada. A obra civil comprende a apertura duns 2.729 m de vieiros de acceso e servizo ás instalacións e o acondicionamento, para o mesmo fin, doutros 6.071 m de pistas e camiños existentes. En canto ás gabias, escavaranse 12.012 m para o cableado de media tensión e de comunicacións. A isto hai que engadir a liña de evacuación cos correspondentes puntos de apoio e accesos a estes, obxecto doutro proxecto independente.

A nivel hidrolóxico, a área de actuación pertence ao ámbito competencial de Augas de Galicia e enmárcase nos sistemas de explotación nº 10 “Río Anllóns, Costa da Coruña ata límite de Arteixo” e o 07 “Río Xallas, Costa da Coruña e Ría de Corcubión”. Discorren próximos ás actuacións, o río Mira, o río Montemaior así como os seus afluentes. Augas de Galicia cita, en base á documentación achegada, varios puntos de afección á rede fluvial por parte das gabias do cableado e camiños de acceso sendo o de maior relevancia o cruce sobre o río Mira pola gabia do cableado da máquina SR11. O elemento hidrolóxico máis relevante é a Lagoa de Alcaíán, situada ao sur dos aeroxeradores SR01 e 02. Prevese acondicionar un tramo da pista perimetral da lagoa que serve de acceso a estas dúas posicións, por cuxa cuneta norte discorrerá a gabia do cableado.

Compartindo ámbito xeográfico localízanse xa en funcionamento o parque eólico de Castelo (con 25 aeroxeradores), o parque eólico Fontesilva (con 12 aeroxeradores) e o parque eólico ampliación Fontesilva (con 4 aeroxeradores), totalizando 41 aeroxeradores e as correspondentes infraestruturas de evacuación e conexión.

➤ **A Necesaria Conectividade ecolóxica**

Os parques eólicos Bustelo, Campelo e Toural e a súa infraestrutura común de evacuación, xunto cos xa instalados citados anteriormente, configuran unha paisaxe fragmentada e unha fragmentación de hábitats importante. As

brañas existentes como **a Lagoa de Alcaián, o Marco do Couto, O Pozo...etc.**, forman parte da conectividade transversal dos cursos fluviais da área de afección dos catro proxectos.

A nivel hidrolóxico a traza da liña discorre por terreos que verten principalmente as súas augas á conca do Río Tambre e, en menor medida, ás concas dos Ríos Anllóns, Xallas e Mero. Con respecto á subconcas, dentro da do Río Tambre, son os ríos Dubra, Paradela, Lengüelle e Cabrón os que recollen as auga, na conca do Anllóns, recollen as augas os ríos Rosende e Vao, mentres que nas concas do Xallas e o Mero son os ríos principais da conca. Existen ata 28 cruzamentos coa rede fluvial, entre eles atópanse o río Pedrouzo, os ríos Maxarín e Biduido que verten as súas augas no Encoro de Vilagudín e o Rego da Braña Rubia, augas abaixo da súa conexión con O Pozo e a Lagoa de Alcaián, o rego de Pontepedra, o río Lengüelle, o rego de Lesta, o rego da Uceira, o rego de Fonte da Pedra ou o rego da Braña dos Espiños, o rego de Liñares, o río Grande ou o río Dubra, así como outros regatos innominados.

Na área de afección do proxecto da liña de evacuación existen especies vexetais en perigo de extinción na zona de Bergantiños (*Centaurea ultreiae* Silva Pando e *Euphorbia polyfolia* Welx. ExBoiss.) De feito algunhas estruturas da liña de evacuación, entre os poios 7 e 10 atoparíanse na área de distribución potencial e entre o 8 e o 9 na prioritaria de conservación.

Ademais, a zona de estudo localízanse especies como a Rana temporaria (coa categoría de vulnerable) e *Tetrax tetrax* (coa categoría de en perigo de extinción).

A Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia establece no seu artigo 87 relativo á Coherencia e conectividade ecolóxica que:

1. Para mellorar a coherencia e a conectividade ecolóxica do territorio, a Administración autonómica fomentará na súa planificación ambiental a conservación de corredores ecolóxicos e a xestión daqueles elementos da paisaxe e áreas territoriais que resulten esenciais ou revistan primordial importancia para a migración, a distribución xeográfica e o intercambio xenético entre poboacións de especies de fauna e flora silvestres, tendo en conta os impactos futuros do cambio climático.

2. A Administración autonómica outorgará un papel prioritario aos cursos fluviais, vías pecuarias, áreas de montaña e outros elementos do territorio, lineais e continuos ou que actúan como puntos de ligazón, con independencia de que ostenten a condición de espazos naturais protexidos.

Para garantir a conectividade e os intercambios ecolóxicos dos corredores fluviais hai que protexer os terreos ribeiregos, aqueles que conectan o leito principal coa súa chaira de inundación (como os humedais: lagoas e brañas no presente caso). Os tres parques eólicos Monte Toural, Bustelo e Campelo fragmentan os hábitats e impiden a necesaria permeabilidade e conectividade ecolóxica das especies. Non se garante a necesaria conectividade ecolóxica entre os ríos e os humedais da área de afección do proxecto nin destes entre sí que

actúan precisamente como puntos de ligazón para a migración, a distribución xeográfica e o intercambio xenético entre poboacións de especies de fauna e flora silvestres.

Nas Declaracións de impacto ambiental dos parques eólicos Monte Toural, Bustelo e Campelo non se fai referencia a necesidade de garantir a conectividade ecolóxica entre hábitats que van a verse moi fragmentados pola totalidade das infraestruturas dos 3 parques eólicos e os parques eólicos xa en funcionamento.

Os humidais son áreas que permanecen en condicións de inundación ou con chan saturado con auga durante períodos considerables de tempo. Aínda que este termo engloba unha ampla variedade de ecosistemas, todos os humidais comparten unha propiedade primordial: a auga é o elemento crave que define as súas características físicas, vexetais, animais e as súas relacións.

Por outra banda a Declaración ambiental estratéxica o Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa, revisión de terceiro ciclo (2021-2027) recoñece literalmente:

“... existen outras zonas húmidas con importancia no ciclo hidrolóxico que non figuran nos inventarios, polo que propón realizar traballos para identificalas e delimitalas coa finalidade de poder establecer medidas para protexelas”.

A fragmentación de hábitats configúrase como unha das principais causas de perda de biodiversidade. Para facer fronte a estes procesos resulta necesario manter a conectividade ecolóxica do territorio tanto dun modo xeral como mediante elementos específicos da paisaxe.

Un dos principais servizos ecosistémicos dos humidais é a cantidade e calidade de flora e fauna, denominada diversidade biolóxica ou biodiversidade, que estes poden albergar.

A conectividade lonxitudinal vén marcada pola dirección da corrente do río desde ou seu nacemento ata a desembocadura, sendo a principal responsable das características das comunidades biolóxicas acuáticas e de ribeira.

A conectividade transversal pola súa banda, vén definida pola conexión existente entre o leito e a súa chaira de inundación, como é o caso que nos ocupa.

A conectividade fluvial é un atributo que caracteriza aos ríos en bo estado e por tanto un dos principais obxectivos a conseguir como parte das obrigacións que establece a Directiva Marco da auga (DMA). Doutra banda, o incremento da continuidade fluvial é unha das estratexias craves na adaptación ao cambio climático dos ecosistemas fluviais, de acordo con o establecido no Plan Nacional de Adaptación ao Cambio Climático (PNACC).

Máis aló da redución do tamaño dunha mancha de hábitat preexistente, esta pode quedar dividida en varios fragmentos, de forma que á redución de superficie total de hábitat súmaselle a descontinuidade do mesmo no

espazo. As poboacións afectadas non só terán menos hábitat dispoñible, senón que ademais terán que atravesar espazos transformados para moverse dun fragmento a outro.

Nunha paisaxe fragmentada o grao de illamento poboacional de cada especie afectada é diferente e particular, xa que está determinado pola distancia que existe entre os fragmentos que habita, polo tipo de hábitat artificial que separa devanditos fragmentos e pola capacidade de dispersión ou de movemento da especie en cuestión. En definitiva, unha diminución da interconexión entre os fragmentos, separados por espazos transformados polas actividades antrópicas, provoca que os parches tendan a funcionar como “illas biolóxicas” para aquelas especies faunísticas con dificultades para atravesar os devanditos espazos. A diminución da permeabilidade dos espazos transformados aos fluxos biolóxicos pode deberse ao aumento da distancia entre fragmentos, a unha máis severa transformación dos devanditos espazos ou a unha combinación de ambos

Así, a conectividade preséntase como un atributo da paisaxe que se refire á permeabilidade que este presenta aos fluxos biolóxicos e ecolóxicos. Por iso a conectividade do territorio é o que preocupa no caso dos parques eólicos Monte Toural, Campelo e Bustelo. Non se garanten as conexións ecolóxicas entre os diversos humedais e cursos fluviais como elementos de integración.

A isto hai que engadir a presenza de especies en perigo de extinción que consonte á normativa vixente:

➤ **As especies en perigo de extinción na normativa galega**

A LEI 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia establece que:

Artigo 91. Catálogo galego de especies ameazadas

1. No seo da Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial de Galicia inclúese o Catálogo galego de especies ameazadas, que se configura como unha sección da dita listaxe. O contido deste catálogo desenvolverase regulamentariamente.

2. O Catálogo galego de especies ameazadas incluírá, cando exista unha información técnica ou científica que así o aconselle, as especies, as subespecies ou as poboacións de competencia autonómica conforme o previsto no artigo 4 que, atopándose ameazadas, requiran medidas de protección específicas. Estas especies ameazadas clasificaranse nalgunha das seguintes categorías:

a) En perigo de extinción.

Incluíranse nesta categoría aqueles taxons ou poboacións cuxa supervivencia é pouco probable de persistiren os factores causantes da súa actual situación.

Dentro desta categoría procede declarar unha especie en situación crítica cando do seguimento ou da avaliación do seu estado de conservación resulta que existe un risco inminente de extinción.

b) Vulnerable.

Incluíranse nesta categoría aqueles taxons ou poboacións que corren o risco de pasar á categoría anterior nun futuro inmediato de non seren corrixidos os factores adversos que actúan sobre eles.

3. A inclusión dunha especie, unha subespecie ou unha poboación de competencia autonómica, conforme o previsto no artigo 4, no Catálogo español de especies ameazadas a que se refire o artigo 58 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, supoñerá a súa inclusión de oficio no Catálogo galego de especies ameazadas, na mesma categoría ou na categoría superior á que teñan no primeiro.

4. Decláranse de utilidade pública e interese social, para os efectos do previsto na lexislación sobre a expropiación forzosa, as obras necesarias para a conservación das especies incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas, especialmente as que teñan carácter de emerxencia e urxencia, segundo os casos.

Artigo 92. Procedemento de inclusión, de cambio de categoría ou de exclusión da Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial de Galicia

1. A inclusión, o cambio de categoría ou a exclusión dunha especie, unha subespecie ou unha poboación na Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial de Galicia realizarase mediante unha orde da persoa titular da consellaría competente en materia de conservación do patrimonio natural.

2. O procedemento poderase iniciar de oficio ou por solicitude dunha persoa interesada, cando exista información científica ou técnica que o xustifique. A dita información deberase recoller nunha memoria técnica xustificativa, que, no caso de inicio do procedemento por solicitude dunha persoa interesada, deberá estar elaborada por esta e achegarse xunto coa solicitude de iniciación.

3. Na iniciación do procedemento, a consellaría competente en materia de conservación do patrimonio natural poderá adoptar as medidas preventivas que, se é o caso, coide precisas para a protección da especie, da subespecie ou da poboación de que se trate. Estas medidas preventivas quedarán sen efecto, en todo caso, no prazo máximo de seis meses desde a súa adopción.

4. Este procedemento someterase durante o prazo dun mes aos trámites de audiencia ás persoas interesadas e de información pública. Tamén se lles solicitará un informe a aquelas consellarías cuxas competencias resulten afectadas, a calquera outra administración afectada e ao Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible; informe que deberán emitir, agás unha disposición en contrario, no prazo máximo de vinte días. De non ser o caso, procederase coa continuación do procedemento, a menos que se acordase a suspensión do prazo para resolver nos termos previstos no artigo 22.1.d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

5. O prazo máximo de resolución deste procedemento será de seis meses, contado desde a data do acordo de inicio ou, no caso de iniciación por solicitude dunha persoa interesada, desde a data en que a solicitude tivese entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. O silencio administrativo terá efectos desestimatorios da solicitude, no caso de que o procedemento se iniciase por solicitude dunha persoa interesada.

6. A inclusión dunha especie, unha subespecie ou unha poboación na Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial de Galicia poderá supoñer o establecemento dun réxime preventivo mediante unha orde da persoa titular da consellaría competente en materia de conservación do patrimonio natural.

Artigo 93. Efectos da inclusión na Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial de Galicia

A inclusión dunha especie, unha subespecie ou unha poboación na Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial de Galicia comporta as seguintes prohibicións xenéricas:

a) de se tratar de plantas, fungos ou algas, a de apañalos, cortalos, mutilalos, arrincalos ou destruílos intencionadamente na natureza, así como a colleita das súas sementes, do pole ou das esporas, e, no caso das especies ameazadas, tamén a destrución do seu hábitat

b) de se tratar de animais, incluídas as súas larvas, as crías ou os ovos, a de calquera actuación feita co propósito de lles dar morte, capturalos, perseguilos ou molestalos, así como a destrución ou a deterioración dos seus niños, as camas ou os tobos e das súas áreas de reprodución, invernada ou repouso, e, no caso das especies ameazadas, tamén a destrución do seu hábitat

c) en ambos os casos, a de posuír, naturalizar, transportar, vender, comerciar ou intercambiar, ofertar con fins de venda ou intercambio, importar ou exportar exemplares vivos ou mortos, así como os seus propágulos ou restos, agás nos casos en que estas actividades, dunha forma controlada pola administración, poidan resultar claramente beneficiosas para a súa conservación, nos casos que se determinen polas normas regulamentarias aplicables.

Estas prohibicións aplicaranse a todas as fases do ciclo biolóxico destas especies, subespecies ou poboacións.

Artigo 94. Medidas de seguimento

1. Ademais das obrigas en materia de seguimento previstas na normativa básica estatal, as especies, as subespecies ou as poboacións incluídas na Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial de Galicia e que non estean incluídas na Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial prevista no artigo 56.1 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, serán obxecto dun seguimento específico coa finalidade de realizar unha avaliación periódica do seu estado de conservación cada seis anos.

2. A consellaría competente en materia de conservación do patrimonio natural, no seu ámbito competencial, realizará un seguimento da información dispoñible sobre as capturas ou as mortes accidentais, e sobre a base desta información adoptará as medidas necesarias para que estas non teñan repercusións negativas importantes nas

especies incluídas na Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial de Galicia e se minimicen no futuro.

Artigo 95. Efectos da inclusión no Catálogo galego de especies ameazadas

1. Ademais dos efectos previstos no artigo 93, a inclusión dunha especie, unha subespecie ou unha poboación no Catálogo galego de especies ameazadas terá os seguintes efectos:

a) A inclusión dunha especie, unha subespecie ou unha poboación na categoría de «en perigo de extinción» levará consigo, nun prazo máximo de tres anos, a adopción dun plan de recuperación, que incluírá as medidas máis axeitadas para restablecer as poboacións naturais a un estado que limite o seu risco de extinción.

b) A inclusión dunha especie, unha subespecie ou unha poboación na categoría de «vulnerable» levará consigo a adopción, nun prazo máximo de cinco anos, dun plan de conservación, que incluírá as medidas máis axeitadas para preservar, manter e restablecer as poboacións naturais facéndoas viables.

2. Os plans de recuperación e de conservación fixarán unhas medidas de conservación e uns instrumentos de xestión, específicos ou integrados noutros plans, que eviten as afeccións negativas para as especies.

3. Para aquelas especies, subespecies ou poboacións que comparten os mesmos problemas de conservación, hábitats ou ámbitos xeográficos similares poderán elaborarse plans que comprendan asemade varias especies, subespecies ou poboacións, que se denominarán neste caso plans integrais.

4. Os plans de recuperación ou de conservación ou os plans integrais das especies, as subespecies ou as poboacións que vivan exclusivamente ou en alta proporción nalgún dos espazos naturais protexidos incluídos na Rede galega de espazos protexidos ou en áreas protexidas por instrumentos internacionais poderanse integrar nos seus correspondentes instrumentos de planificación.

5. A realización ou a execución de calquera plan, programa ou proxecto que poida afectar de forma apreciable as especies incluídas nos anexos II ou IV da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, que fosen catalogadas, no ámbito estatal ou autonómico, como en perigo de extinción unicamente se poderán levar a cabo cando, en ausencia doutras alternativas, concorran causas relacionadas coa saúde humana e a seguridade pública, as relativas a consecuencias positivas de primordial importancia para o ambiente ou outras razóns imperiosas de interese público de primeira orde. A xustificación do plan, do programa ou do proxecto e a adopción das correspondentes medidas compensatorias levarase a cabo conforme o previsto no artigo 84.3, salvo polo que se refire á remisión das medidas compensatorias á Comisión Europea.

Artigo 96. Procedemento de aprobación do plan de recuperación e do plan de conservación

1. A elaboración e a tramitación do plan de recuperación ou do plan de conservación correspóndelle á consellaría competente en materia de conservación do patrimonio natural.

2. O procedemento de aprobación do plan de recuperación ou do plan de conservación iniciarase mediante un acordo da persoa titular da consellaría competente en materia de conservación do patrimonio natural.

3. O acordo de inicio do plan de recuperación ou do plan de conservación someterase ao trámite de participación pública nos termos previstos no artigo 16 da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente (incorpora as directivas 2003/4/CE e 2003/35/CE).

4. Con carácter previo á súa aprobación, o borrador do plan someterase durante o prazo dun mes aos trámites de audiencia ás persoas interesadas e de información pública.

5. O plan de recuperación e o plan de conservación das especies ameazadas aprobaranse mediante unha orde da persoa titular da consellaría competente en materia de conservación do patrimonio natural.

CUARTA.- PLAN DE CONSERVACIÓN E RECUPERACIÓN DE CENTAUREA ULTREIAE NA ENTORNA DO MONTE CASTELO E PROPOSTA TÉCNICA PLAN INTEGRAL DE CONSERVACIÓN E RECUPERACIÓN DAS ESPECIES VEXETAIS EN PERIGO DE EXTINCIÓN DA ZONA DE BERGANTIÑOS.

Na DIA dos parques eólicos Campelo, Bustelo e Toural faise referencia á *proposta técnica Plan integral de conservación e recuperación das especies vexetais en perigo de extinción da zona de Bergantiños (Centaurea ulreiae Silva Pando e Euphorbia ulginosa Welw. Ex Boiss.) e á medida compensatoria denominada Plan de Conservación y Recuperación de Centaurea ulreiae en el entorno del Monte Castelo.*

Estes documentos non foron sometidos a exposición pública cos proxectos dos parques eólicos Campelo, Bustelo, Toural e a LAT Campelo – Mesón.

No caso dos parques eólicos Campelo, Bustelo e Toural o promotora presenta, segundo as Declaración de Impacto Ambiental destes parques, un *Plan de Conservación e Recuperación de Centaurea ulreiae en el entorno del Monte Castelo* para garantir a conservación de varios exemplares desta especie protexida localizados na contorna do parque eólico.

Sen embargo este Plan non se axusta ao preceptuado no artigo 96 referenciado da 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia nin se tivo en conta na súa elaboración a participación pública prevista no Convenio de Aarhus.

Tampouco este plan foi obxecto de exposición pública con algúns dos catro proxectos existentes: proxecto do parque eólico Campelo, proxecto do parque eólico Bustelo, proxecto do parque eólico Monte Toural e proxecto da

línea de evacuación LAT 220 kV Campelo-Mesón (segundo modificado), nos concellos de Carballo, Carral, Cerceda, Coristanco, Ordes e Tordoia.

➤ **Normativa de aplicación:**

Internacional

- Texto del Convenio Ramsar,
- Directiva 2009/147/CE (Directiva Aves) (DOUE L 20/7, de 26 de enero de 2010)
- Directiva 92/43/CEE (Directiva Hábitats), Hábitats Anexos y posteriores modificaciones (Directiva 97/62/CE) (DOCE nº L 305, de 08.11.97)
- Directiva 2000/60/CE (Directiva Marco del Agua), (DOCE L327/1, de 22 de diciembre de 2000)
- Comunicación de la Comisión al Parlamento Europeo y al Consejo de 29 de mayo de 1995 sobre el uso prudente y la conservación de los humedales
- Convenio Europeo del Paisaje. Instrumento de ratificación del Convenio Europeo del Paisaje (número 176 del Consejo de Europa), hecho en Florencia el 20 de octubre de 2000 (BOE de 5/02/2008).
- Convenio de Aarhus Convenio de la Comisión Económica para Europa de Naciones Unidas sobre acceso a la información, la participación del público en la toma de decisiones y el acceso a la justicia en materia de medio ambiente, hecho en Aarhus el 25 de junio de 1998.

Nacional

- Instrumento de Adhesión de España al Convenio de Ramsar de 18 de marzo de 1982, BOE nº 199 de 20 de agosto de 1982,
- Protocolo de enmienda del Convenio ratificado por Instrumento de 19 de mayo de 1987, BOE nº 167 de 14 de julio de 1987, (ratificación de la enmienda del Convenio de Ramsar por el Protocolo de París)
- Inventario Nacional de Zonas Húmedas; Real Decreto 435/2004 (BOE nº 73, 25 de marzo de 2004)
- Ley 42/2007 de 13 de diciembre del Patrimonio Natural y la Biodiversidad, (BOE nº 299, 14 de diciembre de 2007)
- Comisión Estatal para el Patrimonio Natural y la Biodiversidad; Real Decreto 1424/2008 (BOE nº 221, 12 de septiembre de 2008)
- Inventario Español del Patrimonio Natural y la Biodiversidad; Real Decreto 556/2011 (BOE nº 112, 11 de mayo de 2011)
- Plan estratégico del patrimonio natural y de la biodiversidad 2011-2017; Real Decreto 1274/2011 (BOE nº 236, 30 de septiembre de 2011)
- Ley 27/2006, de 18 de julio, por la que se regulan los derechos de acceso a la información, de participación pública y de acceso a la justicia en materia de medio ambiente (incorpora las Directivas 2003/4/CE y 2003/35/CE).

Participación pública en materia de medio ambiente

- Directiva 2003/4/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2003, relativa ao acceso do público á información ambiental e o Convenio de Aarhus de 1998 sobre o acceso á información, a participación do público e o acceso á xustiza en materia de medio ambiente, que garanten o acceso público a información ambiental que obre en poder das autoridades públicas ou doutras entidades no seu nome, tanto cando se lles solicite como mediante divulgación activa.
- Decisión 2005/370/CE do Consello, do 17 de febreiro de 2005 sobre a celebración, en nome da Comunidade Europea, do Convenio sobre o acceso á información, a participación do público na toma de decisións e o acceso á xustiza en materia de medio ambiente (DO L 124 de 17.5.2005, pp. 1-3)
- Regulamento (CE) nº. 1367/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 6 de setembro de 2006, relativo á aplicación, ás institucións e aos organismos comunitarios, das disposicións do Convenio de Aarhus sobre o acceso á información, a participación do público na toma de decisións e o acceso á xustiza en materia de medio ambiente (DO L 264 de 25.9.2006, pp. 13-19)
- Decreto 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos e se crea o Inventario de humidais de Galicia.
- Directiva 2014/52/UE do Parlamento Europeo e do Consello do 16 de abril de 2014 pola que se modifica a Directiva 2011/92/UE, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente.
- Directiva 2011/92/UE do Parlamento e do Consello, do 13 de decembro de 2011, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente
- Directiva 2001/42/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de xuño de 2001, relativa á avaliación ambiental dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.

Galicia


- LEI 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia.
- Anuncio do 13 de abril de 2022, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, polo que se fai pública a declaración ambiental estratéxica correspondente ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria do Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa, revisión de terceiro ciclo (2021-2027) (expediente 2019AAE2354) (DOG Núm. 81, de 28 de abril de 2022).

➤ Conclusión

Existe unha afección apreciable e significativa para as especies catalogadas en perigo de extinción e afectadas polas infraestruturas dos parques eólicos Monte Toural, Campelo e Bustelo e a súa infraestrutura común de evacuación e

os impactos acumulados derivados dos parques xa instalados: *Centaurea ultriae*, *Lycopodiella inundata*, *Woodwardia radicans*, *Spiranthes aestivalis* e *Euphorbia uliginosa*. A fragmentación excesiva dos hábitats e a falla de garantía da conectividade ecolóxica e a necesaria permeabilidade destes, unida aos efectos barreira derivados das gabias, dos vieiros e das plataformas eólicas, implica un risco e un prexuízo para a integridade do espazo e a conservación das especies. Cómpre ter en conta que estamos a tratar da localización de infraestruturas que afectan a un espazo de alto valor ecolóxico proposto para a ampliación da rede Natura 2000 (ANUNCIO do 2 de febreiro de 2012, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, polo que se acorda ampliar o prazo de participación do público na proposta de ampliación da rede Natura 2000 de Galicia (DOG Núm. 33, de 16 de febreiro de 2012)): Proposta de Ampliación LIC Río Anllóns (ES111001S) coa incorporación da Lagoa de Brañas Rubias ou Alcaíán.

Por outra banda, a necesaria coherencia da Rede Natura 2000, tendo en conta que o río Anllóns forma parte desta, obriga a preservar non só a conectividade lonxitudinal dos cauces da área de actuación senón tamen a conectividade ecolóxica transversal das brañas e lagoas ubicadas na área de afección do proxecto.



IBADER
GI-1934 TB. Lab. Botánica & Biogeografía
Universidade de Santiago. LUGO

Proposta de Ampliación LIC Río Anllóns (ES111001S) coa incorporación da Lagoa de Brañas Rubias ou Alcaíán.

Ver:

TERCEIRA.- AFECCIÓN SEVERA A HUMEDAIS

No documento da DIA apréciase que non se tivo en conta todos os humedais existentes na Relación de Bens e Dereitos (RBDA) publicada no DOG e que serían, entre outros, os que a continuación se exponen:

HUMEDAIS AFECTADOS POLO PROXECTO DA LAT 220 KV CAMPELO-MESÓN (SEGUNDO MODIFICADO), NOS CONCELLOS DE CARBALLO, CARRAL, CERCEDA, CORISTANCO, ORDES E TORDOIA (EXPEDIENTE IN408A 2018/14), DOG NÚM. 173 XOVES, 27 DE AGOSTO DE 2020			
MUNICIPIO	POLÍGONO	PARCELA	NOME
CORISTANCO	068	00003	BRAÑA DO MATO
CORISTANCO	068	00004	BRAÑA DO MATO
CORISTANCO	068	00005	BRAÑA DO MATO
CORISTANCO	068	00006	BRAÑA DO MATO
CORISTANCO	068	00007	BRAÑA DO MATO
CORISTANCO	068	00008	BRAÑA DO MATO
CORISTANCO	068	00009	BRAÑA DO MATO
CORISTANCO	068	00010	BRAÑA DO MATO
CORISTANCO	068	00011	BRAÑA DO MATO
CORISTANCO	068	00012	BRAÑA DO MATO
CORISTANCO	068	00013	BRAÑA DO MATO
CORISTANCO	068	00014	BRAÑA DO MATO
CORISTANCO	068	00015	BRAÑA DO MATO
CORISTANCO	068	00016	BRAÑA DO MATO
CORISTANCO	068	00017	BRAÑA DO MATO
CORISTANCO	068	00018	BRAÑA DO MATO
CORISTANCO	067	00077	BRAÑA DO MATO
TORDOIA	002	01718	PORTO DOS AÑOS
TORDOIA	004	00063	BRAÑA DOS REMOS
TORDOIA	006	00698	BRAÑA DOS REMOS
TORDOIA	006	00611	BRAÑA DO MARCO
TORDOIA	006	00612	BRAÑA DO MARCO
TORDOIA	022	00502	BRAÑA DAS EGUAS
TORDOIA	022	00503	BRAÑA DAS EGUAS

TORDOIA	027	00765	A BRAÑA
TORDOIA	027	00766	HERBAL ONDE O RÍO
TORDOIA	027	01155	A BEIRA DO RÍO
TORDOIA	026	00208	LEIRA DA BRAÑA
TORDOIA	026	00373	HERBAL DA BRAÑA
TORDOIA	026	00374	CHOUSO DA BRAÑA
TORDOIA	026	00210	CHOUSA DA BRAÑA
CERCEDA	055	00005	A LAGOA
CERCEDA	055	00006	A LAGOA
CERCEDA	056	00610	O XUNCAL
CERCEDA	056	00608	O XUNCAL
CERCEDA	056	00594	O XUNCAL
CERCEDA	512	3471	A BRAÑA
CERCEDA	212	00703	AS BRAÑAS
ORDES	511	10440	RÍO EDRA
ORDES	511	00439	RÍO EDRA
ORDES	511	00395	A BARROSA
ORDES	511	00394	A BARROSA
ORDES	511	00391	A BARROSA
ORDES	511	00392	A BARROSA
ORDES	511	00393	A BARROSA

CARÁCTER SENSIBLE MEDIOAMBIENTALMENTE DA ÁREA XEOGRÁFICA DE EXECUCIÓN DO PROXECTO

Resulta acreditado no procedemento a presenza de diversos cauces fluviais e humidais (brañas) na área de execución do proxecto eólico e as súas infraestruturas asociadas, que tamén son comúns a outros parques eólicos con implantación prevista no mesmo ámbito xeográfico.

A DIRECTIVA 2014/52/UE DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO do 16 de abril de 2014 pola que se modifica a Directiva 2011/92/UE, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente indica respecto á localización dos proxectos:

“Debe considerarse o carácter sensible medioambientalmente das áreas xeográficas que poidan verse afectadas polos proxectos, tendo en conta, en particular:

a) o uso presente e aprobado da terra;

b) a abundancia relativa, a dispoñibilidade, a calidade e a capacidade de rexeneración dos recursos naturais da zona e o seu subsolo (incluídos o chan, a terra, a auga e a biodiversidade);

c) a capacidade de absorción do medio natural, con especial atención ás áreas seguintes:

i) humidaís, zonas ribeiregas, desembocaduras de ríos,

ii) zonas costeiras e medio mariño,

iii) zonas de montaña e de bosque,

iv) reservas naturais e parques,

v) zonas clasificadas ou protexidas pola lexislación nacional; zonas Natura 2000 designadas polos Estados membros en aplicación das Directivas 92/43/CEE e 2009/147/CE,

vi) áreas nas que xa se produciu un incumprimento das normas de calidade ambiental establecidas na lexislación da Unión e pertinentes para o proxecto, ou nas que se considere que se produciu tal incumprimento,

vii) áreas de gran densidade demográfica,

viii) paisaxes e lugares con significación histórica, cultural e/ou arqueolóxica”.

Considérase que un proxecto ten incidencia nunha zona ambientalmente sensible cando se dá algunha das seguintes condicións:

Que poida afectar os espazos pertencentes á Rede Natura 2000, sen ter relación directa coa xestión ou conservación do lugar ou sen ser necesario para a mesma.

No presente caso non se está a ter en conta a sensibilidade ambiental do territorio xeográfico no que se prevé a execución do proxecto eólico nin se determina o grao de sensibilidade e de resiliencia do territorio para acoller o proxecto, tendo en conta a presenza xa doutros parques na contorna e a importancia dos recursos hídricos e humidaís afectados.

Existe unha afección severa ao conxunto de cauces da área e afección do proxecto con impactos sobre brañas, humidaís, fontes e nascencias de cauces. Existe unha importante rede fluvial afectada polo proxecto eólico e parte da súa infraestrutura de evacuación, afección severa e irreversible obviada tanto no EIA como agora na DIA.

Na lexislación española, a Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade. BOE 299, 14/12/2007 (Modificada pola Lei 33/2015. BOE 227, 22/11/2015) define corredor ecolóxico como: “o territorio, de extensión e configuración variables, que, debido á súa disposición e ao seu estado de conservación, conecta funcionalmente espazos naturais de singular relevancia para a flora ou a fauna silvestres, separados entre si,

permitindo, entre outros procesos ecolóxicos, o intercambio xenético entre poboacións de especies silvestres ou a migración de espécimes desas especies” (Lei 42/2007. Art. 3).

A preservación da conectividade e a integridade ecolóxica da rede de espazos naturais constitúe un requisito legal imposto polos Directiva Hábitats e pola propia Lei 42/2007. Considerando en ambos os casos a importancia dos corredores ecolóxicos como elementos de unión entre os espazos de alto valor ambiental, as consideradas como zonas núcleo de biodiversidade, representados estes últimos polas áreas protexidas, así como polas áreas que, sen ser designadas legalmente baixo unha figura de protección, manteñen unha elevada biodiversidade.

Existen varios humidais, brañas e charcas afectadas pola instalación dos aeroxeradores. Cómpre ter en conta que as infraestruturas afectan de forma irreversible a estes espazos. Ademais os aeroxeradores aséntanse practicamente sobre humidais, brañas e lagoas. A propia toponimia xa indica que estamos en presenza de humidais, Brañas e Lagoas. A afección aos recursos hídricos é irreversible. As importantes remocións de toneladas de terra para a instalación das cimentacións e plataformas dos aeroxeradores pode romper acuíferos e afectar seriamente ás masas de auga soterradas. Os humidais son fontes de vida, xa que o 40 % das especies do mundo viven ou se reproducen nestes espazos. Tamén son fonte de auga limpa e de alimento, de feito, unha de cada sete persoas depende dos humidais para o seu sustento. Os servizos que brindan os humidais son incalculables e insubstituíbles.

QUINTA.- NON SE AVALÍA DE MANEIRA OBXECTIVA A ALTERNATIVA 0 EN RELACIÓN A TÓDOLOS ASPECTOS AMBIENTAIS E SOCIAIS.

No apartado b do artigo 35 da Lei 21/2013 de avaliación ambiental determinase que o estudo de impacto ambiental ha de incluír o seguinte:

“Descripción de las diversas alternativas razonables estudiadas que tengan relación con el proyecto y sus características específicas, incluida la alternativa 0, o de no realización del proyecto, y una justificación de las principales razones de la solución adoptada, teniendo en cuenta los efectos del proyecto sobre el medio ambiente.”

No Anexo VI de dita lei sinálase, así mesmo, a seguinte consideración:

“Respecto a la alternativa 0, o de no actuación, se realizará una descripción de los aspectos pertinentes de la situación actual del medio ambiente (hipótesis de referencia), y una presentación de su evolución probable en caso de no realización del proyecto, en la medida en que los cambios naturales con respeto a la hipótesis de referencia puedan evaluarse mediante un esfuerzo razonable, de acuerdo a la disponibilidad de información medioambiental y los conocimientos científicos.”

Deste xeito, a descrición da alternativa 0 centrase na renuncia dos efectos positivos do desenvolvemento do parque eólico, sen analizar os efectos positivos de ditas coberturas e usos do solo.

Non se fala da afección sobre a calidade de vida dos residentes da contorna das instalacións, nin do consumo de recursos ou a non emisión de residuos que se evitarían coa non execución do plan. Para este escenario, o estudo de impacto centrase no aforro de combustibles fósiles na produción enerxética, e polo tanto aforro de emisións de CO₂, pero esquecese da gran importancia dos sumidoiros de carbono forestais e agrícolas citados no Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030 ou no Acordo de París.

SEXTA.- FALLA DE ESTUDO E AVALIACIÓN DO IMPACTO AMBIENTAL SOBRE O LOBO.

Prexuízos significativos e irreversibles para o Lobo

Non hai referencia algunha con respecto á avaliación dos impactos sobre o Lobo. O proxecto afecta directamente a zonas de encame e puntos de encontro da especie. Falla de avaliación por parte da promotora. Hai que ter en conta que a corta de matogueira e a ocupación do terreo ten impactos significativos para a especie. Non se siguen os criterios dos expertos que indican:

“• Recoméndase que na fase de planificación dun novo parque eólico (fase proxecto) consúltense as fontes dispoñibles acerca da presenza de mandas de lobos na zona. Desta maneira, tendo en conta os requirimentos da especie e o que se coñece do efecto dos parques eólicos sobre os lobos, poden minimizarse, e mesmo, evitarse impactos negativos sobre este cánido.

• É conveniente que durante a planificación dun parque eólico identifíquense as principais manchas de vexetación arbustiva e evítese, na medida do posible, a súa fragmentación e destrución”.

A totalidade das infraestruturas eólicas fragmentan os hábitats das especies producindo prexuízos significativos para unha especie de marcado carácter territorial. Os lobos son TERRITORIAIS, e os lobos que nun territorio alleo no que non estean abertos a aceptar elementos novos, serán eliminados. O 70% dos lobos que morren por causas naturais o son por esta causa

O Convenio de Berna relativo á Conservación da Vida Silvestre e o Medio Natural de Europa, foi asinado en Estrasburgo (Francia) en 1979. Este convenio incluíu ao lobo no Anexo II “Especies de fauna estritamente protexidas”, constanding as prohibicións correspondentes no seu art. 6.

Este Convenio debe o seu valor a tres características fundamentais: o seu carácter xeneralista, a concepción da lista única de especies e a incorporación da política conservacionista na planificación económica, especialmente no relacionado coa protección dos hábitats (artigos 3 e 4).

Por outra banda, o Decreto 297/2008, do 30 de decembro, polo que se aproba o Plan de xestión do lobo en Galicia recolle no seu artigo 18 prevé o estudo e a análise do efecto barreira das infraestruturas, especialmente as infraestruturas lineais existentes entre A Coruña e Pontevedra, abordándose a identificación de corredores ecolóxicos e a conexión entre os lobos do norte de Pontevedra e a costa occidental da Coruña. Así mesmo indícase

que a Dirección Xeral de Conservación da Natureza fomentará que nas avaliacións de impacto ambiental de proxectos de implantación eólica inclúanse datos sólidos sobre a presenza de lobos nas súas áreas de influencia e realícese unha avaliación e seguimento das afeccións da instalación eólica sobre a poboación de lobos; estrutura social, zonas de cría, uso do espazo, etc. Ademais realizarase un estudo de cuestións como a estrutura social das mandas, produtividade, mortalidade, uso do espazo e selección de zonas de cría en zonas con e sen parques eólicos, entre outras, que permitirán avaliar o impacto dos parques eólicos nos lobos.

O artigo 56 da Lei 42/2007 de Patrimonio Natural e da Biodiversidade establece a protección para todas as especies amparadas por tratados e convenios internacionais, como o de Berna, ratificado por España, polo que en caso de non ter dita consideración estaríamos ante un incumprimento flagrante das obrigacións derivadas do Convenio de Berna, e da subseguinte Directiva Hábitats 92/43/CEE, en relación a unha especie protexida e de interese comunitario como o Lobo.

En virtude do anterior,

SOLICITA:

1.- Teña por presentadas estas alegacións complementarias e proceda ao rexeitamento da solicitude de autorización administrativa previa, da declaración de utilidade pública, en concreto, da necesidade de urxente ocupación que iso implica, da autorización administrativa de construción, do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e do estudo de impacto ambiental do proxecto da LAT 220 kV Campelo-Mesón (segundo modificado), nos concellos de Carballo, Carral, Cerceda, Coristanco, Ordes e Tordoia (expediente IN408A 2018/14), DOG Núm. 173, de 27 de agosto de 2020 e a retirada definitiva do proxecto pola súa incompatibilidade cos valores ambientais, patrimoniais e paisaxísticos presentes na área de afección do proxecto, a falla de licenza social e a vulneración do dereito de acceso á información pública ao abeiro do Convenio de Aarhus.

2.- Na DIA dos parques eólicos Campelo, Bustelo e Tournal faise referencia á proposta técnica Plan integral de conservación e recuperación das especies vexetais enperigo de extinción da zona de Bergantiños (*Centaurea ultrae* Silva Pando e *Euphorbia ulginosa* Welw. Ex Boiss.) e á medida compensatoria denominada Plan de Conservación y Recuperación de *Centaurea ultrae* en el entorno del Monte Castelo. Como esta documentación non foi sometida a exposición pública e afecta tamén a este proxecto da liña de evacuación, solicítase o acceso íntegro á mesma, ao abeiro do Convenio de Aarhus.

3.- Sometan a exposición pública conxunta a totalidade da documentación ambiental das infraestruturas eólicas que conforman os proxectos dos parques eólicos Campelo, Bustelo e Tournal e a súa liña de evacuación común ou ben sometan á correspondente avaliación ambiental estratéxica o proxecto industrial eólico conformado polo clúster de empresas que o promove. Non poden dividir artificialmente o proxecto industrial eólico en proxectos independentes aos efectos ambientais, xa que están a diluir a totalidade dos impactos do conxunto.

4.- Téñase en conta que o Inventario de Humidais de Galicia non recolle ningún humidal agás os seis protexidos polo Convenio Ramsar. Téñase en conta que ademais dunha impresionante e exclusiva biodiversidade, calcúlase que unha hectárea de turbeira pode almacenar entre 3 e 3,5 veces máis carbono que unha hectárea de bosque tropical, reducindo a emisión de gases de efecto invernadoiro e o quecemento global do planeta, polo que é fundamental a conservación destes sumidoiros e acumuladores de carbono. Teñan en conta polo tanto a afección aos humedais indicados na exposición deste escrito e a conectividade ecolóxica transversal para a súa protección e a conservación favorable destes, posto que nin o EIA nin a DIA os mencionan.

5.- Acceso dixital, ao abeiro da Lei 27/2006, á documentación relativa ao seguimento ambiental do Plan Sectorial eólico de Galicia e ao programa de vixilancia ambiental deste, tal e como indica o artigo 51 da Lei 21/2013, de 9 de outubro de avaliación ambiental de Galicia.

Véxase o Informe Macroeólicos:

<https://mapaseolicos.wordpress.com/informe//>

6.- Acceso, ao abeiro do Convenio de Aarhus, aos Plans de vixilancia e seguimento ambiental dos parques eólicos e liñas de evacuación da área de afección do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal da LAT 220 kV Campelo-Mesón (segundo modificado), nos concellos de Carballo, Carral, Cerceda, Coristanco, Ordes e Tordoia (expediente IN408A 2018/14), DOG Núm. 173, de 27 de agosto de 2020, xa que logo estes plans ao non publicarse, o público e as persoas interesadas non puidemos acceder á documentación ambiental das infraestruturas que compartirían impactos acumulados e sinérxicos co presente proxecto, tendo que pasar polo que indicaba o EIA elaborado pola mercantil promotora, metras que esta sí puido acceder tal e como se constata no expediente.

7.- Teñan en conta que en consoancia co anterior estase a vulnerar unha mancha de normativa que xera indefensión para a cidadanía como:

- Directiva 2003/4/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2003, relativa ao acceso do público á información ambiental e o Convenio de Aarhus de 1998 sobre o acceso á información, a participación do público e o acceso á xustiza en materia de medio ambiente, que garanten o acceso público a información ambiental que obre en poder das autoridades públicas ou doutras entidades no seu nome, tanto cando se lles solicite como mediante divulgación activa.
- Decisión 2005/370/CE do Consello, do 17 de febreiro de 2005 sobre a celebración, en nome da Comunidade Europea, do Convenio sobre o acceso á información, a participación do público na toma de decisións e o acceso á xustiza en materia de medio ambiente (DO L 124 de 17.5.2005, pp. 1-3)
- Regulamento (CE) nº. 1367/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 6 de setembro de 2006, relativo á aplicación, ás institucións e aos organismos comunitarios, das disposicións do Convenio de Aarhus sobre o acceso á información, a participación do público na toma de decisións e o acceso á xustiza en materia de medio ambiente (DO L 264 de 25.9.2006, pp. 13-19)

- Decreto 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos e se crea o Inventario de humidais de Galicia.
- Lei 7/2012, de 28 de xuño de Montes de Galicia.
- Directiva 2014/52/UE do Parlamento Europeo e do Consello do 16 de abril de 2014 pola que se modifica a Directiva 2011/92/UE, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente.
- Directiva 2011/92/UE do Parlamento e do Consello, do 13 de decembro de 2011, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente
- Directiva 2001/42/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de xuño de 2001, relativa á avaliación ambiental dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.

8.- Ao abeiro do Convenio Europeo da Paisaxe, en vigor o 1 de marzo de 2004, e que España ratificou o citado Convenio o 26 de novembro de 2007 (BOE de 5/02/2008), o papel do dereito non é recoñecer e protexer un valor ou unha beleza paisaxística particulares; o que o dereito debe recoñecer en primeiro lugar e, por conseguinte protexer, é un valor complexo: a necesidade de toda a cidadanía de establecer unha relación sensible co territorio, de beneficiarse desta relación e de participar na determinación das características formais dos lugares que habitan ou frecuentan. Ninguén, incluída a promotora deste proxecto e a Xunta de Galicia, teñen dereito a emborronar a dimensión paisaxística dun territorio sen ter primeiro en conta o interese do conxunto da poboación local afectada. E o dereito á Paisaxe non pode ser determinado por un desenvolvemento económico que non ten en conta a aparencia dos territorios aos que afecta, senón que debe reflectir as verdadeiras aspiracións dos homes e mulleres que o habitan. E no presente caso existe un rexeitamento social ao proxecto da LAT 220 kV Campelo-Mesón (segundo modificado), nos concellos de Carballo, Carral, Cerceda, Coristanco, Ordes e Tordoia (expediente IN408A 2018/14), DOG Núm. 173, de 27 de agosto de 2020 e os demais parques eólicos xa existentes ou en tramitación na área xeográfica de afección deste proxecto e as liñas de evacuación existentes e en tramitación na mesma área xeográfica. Non se pode transformar unilateralmente por mor do interese dunha empresa as paisaxes agrarias, culturais e forestais e o medio de vida das familias en paisaxes industriais e polígonos eólicos que só benefician a empresas como é o presente caso.

Véxase o documento INFORME DA COMISIÓN TÉCNICA TEMPORAL SOBRE ENERXÍA EÓLICA E PAISAXES CULTURAIS EN GALICIA: <http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=443777>

Véxase: “Efectos de los parques eólicos e instalaciones eléctricas asociadas sobre la salud”.

<https://aliente.org/efectos-eolica-salud>

9.- Abran un proceso público participativo, onde con carácter previo, a cidadanía afectada e o público poidan participar na localización do proxecto da LAT 220 kV Campelo-Mesón (segundo modificado), nos concellos de

Carballo, Carral, Cerceda, Coristanco, Ordes e Tordoia (expediente IN408A 2018/14), DOG Núm. 173, de 27 de agosto de 2020 e as demais infraestruturas eólicas previstas para a mesma área xeográfica (incluídos os parques eólicos que comparten esta liña de evacuación), aos efectos paisaxísticos, de saúde e de benestar. Cómpre ter en conta que o Convenio europeo da Paisaxe indica que os obxectivos de calidade paisaxística determínanos a Administración, **en base ás aspiracións da cidadanía**, e non en base ás aspiracións dunha mercantil promotora que actúa no mercado con ánimo de lucro. Polo tanto, estase a obviar a participación pública nun instrumento de ordenación do territorio tan importante e con tanta afección como é este proxecto industrial.

Deberan someter a exposición pública a documentación ambiental dos proxectos eólicos Campelo, Bustelo e Toural no seu conxunto, incluída a liña de evacuación e demais infraestruturas asociadas de conexión, para non diluir ou reducir os impactos do conxunto e así facilitar a participación da cidadanía na análise dos impactos globais do conxunto, sobre todo de cara a analizar o impacto paisaxístico e garantir a existencia de corredores ecolóxicos.

Coristanco, 17 de xullo de 2022

Asdo.- _____